

Mar sabe moi ben o que quere pero os adultos non a entenden

QUERO PEIXE! é un conto islandés para nenas e nenos que saben o que queren. Escrito e ilustrado pola premiada autora Áslaug Jónsdóttir, narra a historia dunha nena que ten moi claro o que desexa, pero nin papá nin mamá semellan entendela. Un relato divertido e sinxelo creado para interactuar coas lectoras e lectores máis novos.

TEXTO CONTRACAPA

Mar ben sabe o que quere

ARGUMENTO

Mar ben sabe o que quere. Ela quere peixe! Papá e mamá cren saber o que pide Mar, e tráenlle xoguetes, roupa... e pensan que lle van gustar, pero Mar non quere iso. Ela quere peixe. Despois de moitas voltas e reviravoltas, mamá e papá entenderán por fin o que quere Mar e cociñan para ela o seu prato favorito.


CLAVES PARA A LECTURA

Describe a vida cotiá dun matrimonio cunha filla. A nena, que aínda non sabe ler nin escribir, ten unha idea firme na cabeza: quere comer peixe, pero papá e mamá nin se imaxinan que iso é precisamente o que ela quere. Non a entenden, e tráenlle unha chea de cousas que ela non pedía.

A historia reflicte a frustración dunha nena cuxos pais non chegan a entender o que ela pide.

Ilustracións moi doadas e directas reforzan a comprensión das emocións da protagonista.

A obra revela, dun xeito divertido, a incapacidade ás veces dos adultos para “escoitar” ás crianzas e entender o que eles realmente desexan.



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

ÁSLAUG JÓNSDÓTTIR naceu en Islandia en 1963. É escritora e ilustradora de contos para a infancia desde 1990, ano no que publica a súa primeira obra. Na década seguinte recibe numerosos recoñecementos (Lista de Honra IBBY, Bookseller's Prize ao mellor libro do ano 2005 por *Good Evening*, Premio da Ilustración Islandesa, etc). En 2007 publica no seu país *Ég vil fisk (Quero peixe!)* traducida agora por vez primeira ao galego. “Cada álbum ilustrado debe alcanzar unha temperatura e un estado de ánimo axeitados -afirma a autora-. Eu traballo simultaneamente coas ilustracións, os textos e o deseño. Vexo a vida a través de imaxes e palabras, todo en conxunto”.



FICHA TÉCNICA 28 pp. 22,5 x 21,5 cms

ISBN: 978-84-16460-61-8

PVP: 14 € - Capa dura

Tradución ao galego: Lawrence Schimel

Coa supervisión de Quique Alvarellos



EDITORA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info

981522137 - 609908852